



ANUNCIO DA PROPOSTA DE CUMPRIMENTO E EXECUCIÓN DA SENTENZA DO TSX DE GALICIA, SALA DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO, Nº 184/2014 DO 26/02/2015, RELATIVA AO ACORDO DO PLENO DO CONCELLO DO 18/11/2013, DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 4 DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DO CASCO ANTIGO (PEPRICA) DO CONXUNTO HISTÓRICO ARTÍSTICO DE PONTEVEDRA, RESPECTO DO ELEMENTO Z4-C52-16, QUE ATINXE AO PREDIO E EDIFICIO SITO NA RÚA MICHELENA, 24.

O Pleno do Concello de Pontevedra, na sesión extraordinaria e urxente que tivo lugar en data 21/12/2015, e entre outros pronunciamentos, adoptou o seguinte acordo, que, na súa parte dispositiva, literalmente, dí:

"(...) Primeiro.-Tomar razón, executar e levar a puro e debido efecto, nos seus propios termos, a parte resolutiva das Sentenzas ditadas o 26 de febreiro de 2015, pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, no procedemento ordinario 0004002/2014, relativa ao acordo do Pleno do Concello de 18/11/2013, de aprobación da modificación puntual nº 4 do Plan Especial de Protección, Reforma Interior e Conservación artística do Conxunto Histórico Artístico de Pontevedra, no que atinxe ao "Rueiro Z4-C52 Elemento 16", predio e edificio sito na rúa Michelena nº 24, (DOG do 24/12/2013 e BOP do 15/01/2014), así coma a sentenza anteriormente ditada o 2 de xullo do 2009 pola Sección Segunda da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza no procedemento ordinario 0004090/2007-E, que estimou parcialmente o recurso contencioso administrativo promovido pola entidade mercantil "Promociones Inmobiliarias Ramírez, SL" contra o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en data 20/10/2006, polo que se prestaba aprobación definitiva á segunda modificación do Plan Especial de Protección, Reforma Interior e Conservación Artística do Conxunto Histórico Artístico de Pontevedra, que se anula exclusivamente no que atinxe ao "Rueiro Z4-C52 Elemento 16" e, para o seu cumprimento, préstase aprobación á documentación técnica denominada "Modificación Puntual núm. 4 do PEPRICA no elemento Z4-C52-16" que abrangue a ficha 4-52-16 corrixida, que substitúe o "nivel de protección" do predio e edificio sito na rúa Michelena nº 24, pasando de "ambiental A para as plantas existentes" a "ambiental B", consonte ás determinacións do propio PEPRICA, así como aos planos denominados "*Hoja O-7: niveles de protección*" e "*Hoja 52-P:Alzados Z4-C52. Propuesta*", documentación técnica redactada polo arquitecto Xefe da anteriormente denominada Oficina Técnica de Planeamento e Xestión Urbanística, de data xullo de 2013, que anula e substitúe á correlativa do proxecto de modificación aprobado polo Pleno o 20/10/2006 que fora publicado no "Diario Oficial" de Galicia núm. 244 de 21/12/2006 e no "Boletín Oficial" da provincia de Pontevedra núm. 100 de data 24/05/2007.

Segundo.- Dispoñer que se publicite o presente acordo, mediante anuncio que se inserirá no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia, no Taboleiro de Editos do Concello de Pontevedra e na páxina web <http://www.pontevedra.gal>.

Terceiro.- Notificar o presente acordo á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ás que se lles remitirá unha copia autenticada de dous exemplares do instrumento corrixido que se aproba polo presente acto, con tódolos planos e documentos que o integran, debidamente dilixenciados pola Secretaría Xeral do Pleno do Concello, así coma aos demais interesados no procedemento, con ofrecemento dos recursos procedentes.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Sección Segunda da Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.(...)"

Pontevedra, 07 de xaneiro de 2016

O Secretario Xeral do Pleno, por substitución

José Carlos Castiñeira Piñeiro

